

COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE EXTRAORDINARIA

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Garantía de Calidade da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, convocada para o 6 de xullo de 2015, luns, ás 11:30 horas en primeira convocatoria, e ás 12:00 horas en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Edificio Politécnico, do Campus de Ourense.

Ás 12:11 horas deu comezo a sesión, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, do informe final do Plan de Acción Titorial da ESEI do curso 2014-2015 (DO-0203 P1).
2. Análise da evolución dos recursos humanos do título de Grao en Enxeñaría Informática.
3. Análise dos resultados académicos dos Traballos Fin de Grado e Traballos Fin de Máster.
4. Revisión e aprobación, se procede, das guías docentes das Titulacións da ESEI.
5. Revisión e aprobación, se procede, do novo Manual do SGIC.
6. Revisión e aprobación, se procede, dos procedementos de calidade Planificación e Desenvolvemento Estratéxico (DE-01), Seguimento e Medición (DE-02), Revisión do Sistema pola Dirección (DE-03), Xestión de queixas, Suxestións e Parabéns (MC-02), e Satisfacción das Usuarías e Usuarios (MC-05).